

Acta da reunión de Asemblea General da Federación Galega de Tenis celebrada o 12 de setembro de 2020 ás 17:00 horas en segunda convocatoria no salón de actos da sede da RFGF en Santiago de Compostela, Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 4 , á que asisten os seguintes membros:

<p>Presidente: José Mosquera Casero Vicepresidente: Gabriel Fernández Mourelle- que coa aprobación dos asistentes actúa como Secretario nesta reunión e tamén eo representante da ETMarineda Tesoureira: Antía García Fernández con presenza telemática ao non poder asistir presencialmente. Clubs: Juan J. Medín Guyat- Sporting Club Casino Coruña Jorge Comesaña Comesaña- Club de Tenis Cidade Olívica Manuel Regueira Regueria- Club de Tenis Pontearreas Representantes de xogadores/as: María Berini Pita da Veiga Representantes de árbitros: Jose M. Fariñas Cid Asistente a presidente: Marco A Casal Costas Carlos Coira Lojo Asistente a secretario: M^a Jesús Fernández García</p>	<p>Acta de sesión: É aberta polo presidente, que saúda e agradece a asistencia a todos os asistentes. Desculpa a non asistencia dos que avisaron que non podían vir por distintas causas, como ter competición ou motivos persoais. Os participantes recibiron previamente os informes dos distintos puntos da Orde do Día, que foron os seguintes: 1. Aprobación da acta da reunión anterior: A acta é aprobada por unanimidade polos membros participantes nesta reunión. 2. Liquidación e aprobación das contas anuais de 2019 con informe auditor. Toma a palabra o Sr. Mosquera que procede coa lectura do informe que emiten os auditores externos e que todos os membros da asemblea recibiron con anterioridade. Explica a situación do balance e da conta de resultados, que son os que se detallan a continuación. Intervén Gabriel Fernández que pregunta se o resto de federacións galegas fan auditoría externa e voluntaria como esta Federación e non só cada 4 anos como vén solicitando a Secretaria Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, xa que é un esforzo importe que vén realizando desde hai anos.</p>
---	--

O presidente contéstalle que non ten información respecto diso, pero que se seguirá facendo porque é positivo para o control federativo.

ESTADOS FINANCIEROS			
Balance de situación a 31/12/2019 e 2018			
	NOTAS MEMORIA	31/12/2019	31/12/2018
A) ACTIVO NON CORRENTE		40790,39	1361,69
I. Inmovilizado intanxible	7	93,35	93,35
II. Inmovilizado material	8	40697,04	1268,34
B) ACTIVO CORRENTE		53835,3	29084,21
I. Existencia		5976,59	13899,25
II. Deudores comerciais e outras contas a cobrar		44576,7	4236,49
1. Clientes		6391,58	4251,37
3. Outros deudores	12	38185,12	-14,88
V. Periodificacións a curto prazo		557,61	
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes		2724,4	10948,47
		94625,69	30445,9

A) PATRIMONIO NETO		(18704,12)	(54558,32)
A-1 Fondos propios		(48612,07)	(54558,32)
I. Fondo Social	10	37222,36	37222,36
III. Reservas	10	(8641,77)	(8076,08)
V. Resultados de ejercicios anteriores	10	(83704,60)	(71681,52)
VII. Resultado do exercicio	5 e 10	6511,94	(12023,08)
A-3) Subvencións, donacións e legados recibidos	17		
C) PASIVO CORRENTE		113329,81	85004,22
II. Deudas a corto prazo	9.2	40901,73	26717,92
1. Deudas con entidades de crédito		38825,03	20888,48
3. Outras deudas a corto prazo		2076,7	5829,44
IV. Acreedores comercialis e outras contas a pagar	9.2 e 12	69300,58	58286,3
1. Proveedores		24541,32	22502,97
2. Outros acreedores		44759,26	35783,33
VI. Periodificacións a corto prazo		3127,5	
		94625,69	30445,9

A conta de Pérdidas e Ganancias se formula como sigue:

Conta de Perdas e Ganancias a 31/12/2019 e 2018			
	NOTAS MEMORIA	31/12/2019	31/12/2018
1. Importe neto da cifra de negocios	15 e 16	388659,13	416949,27
2. Aprovisionamentos	15	(18742,22)	(3814,12)
5. Outros ingresos de explotación	16	145159,43	112680,76
6. Gastos de persoal	15	(297339,57)	(283454,89)
7. Outros gastos de explotación	15	(207078,58)	(249277,67)
8. Amortización do inmovilizado	7 e 8	(814,50)	(632,14)
9. Imputación de subvencións inmovilizado non financeiro e outras	17	92,05	
13. Outros resultados	15	(934,68)	(3470,63)
A) RDO. EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)		9001,06	(11019,42)
12. Ingresos financeiros			15
13. Gastos financeiros		(1086,52)	(1018,66)
B) RESULTADO FINANCEIRO (12+13+14+15+16)		(1086,52)	(1003,66)
C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)		7914,51	(12023,08)
17. Impostos sobre beneficios	12	(1402,60)	
D) RESULTADOS DO EXERCICIO (C+17)	5	6511,94	(12023,08)

A liquidación das contas anuais do exercicio 2019 son aprobadas por unanimidade.

Unha vez aprobadas as contas do exercicio 2019 faise mención ás subvencións recibidas durante o ano 2020 e a incerteza que aínda hai de fronte ao próximo exercicio 2021. Establécese conversación sobre a liña de apoio ás posibles candidaturas que se presenten ás próximas eleccións

da Real Federación Española de Tenis, que non é outra que tentar que se coordinen as accións con todas as federacións territoriais e non só coas 2 ou 3 primeiras en canto a volume de licenzas e negocio. Ademais solicitouse un estudo sobre as tarifas de cotas a pagar polos clubs, que deben ser proporcionais ao número de licenzas.

3. Memoria de actividade 2019

Antes de comezar coa exposición do total da Memoria de Actividade do exercicio do 2019, toma a palabra o presidente que quere remarcar a importancia da promoción deste deporte que levouse a cabo en 2019 a través da liña de organización de torneos internacionais.

O ano pasado fixéronse 2 torneos internacionais junior, 1 torneo internacional cadete, 1 future masculino e 4 torneos internacionais senior. Estes torneos atraen moito á prensa, e iso axuda ao noso deporte. É destacable a liña de apoio económico que se está establecendo cos clubs que se decidiron a organizar estes eventos. En 2021 hai ademais un incentivo, xa que é ano xacobeo e desde Turismo da Xunta está comprometida xa unha subvención coa Federación Galega de Tenis.

Todos aqueles clubs que estivesen interesados na organización de torneos internacionais senior, pódense poñer en contacto coa federación para estudar a posibilidade de incluílo no calendario internacional.

Toma a palabra Marco A. Casal que comeza coa exposición do documento da memoria. Vai explicando con detalle os distintos apartados da mesma.

No referente as estatísticas de licenzas e competición, fai compartativas con outros anos.

Xérase conversación entre os asistentes sobre a diferenza entre provincias e as medidas que se poderían tomar para elevar o nº de licenzas. Unha das conclusións ás que se chega é que a afiliación de clubs en concellos de baixa poboación é moi interesante e positivo, xa que xera actividade dentro das provincias.

Galicia é a 5ª comunidade en número de licenzas e competicións organizadas, por diante está Catalunya, Madrid, Valencia e Andalucía. A competición que mais evolucionou nestes últimos anos é o Circuito Gallego Xuvenil Babolat. En canto á competición por equipos en 2019 baixo en referencia ao 2018, por unha banda 2018 foi ano histórico en canto á alta participación e tamén porque en 2019 se pasou ao calendario de formato quincenal. Este cambio xerou certa incerteza nos clubs. Xa aprendida a dinámica do formato en 2020 púxose case a niveis do 2018.

Continua coa explicación do resto de competicións como Tenis Cadeira e Tenis Praia e segue co resto de áreas de actividade da Federación, como a tecnificación provincial, a autonómica competitiva, Tenis Atlántico que se quere ampliar a toda a zona norte, (Asturias, Cantabria e País Vasco), Arbitral, Promoción e docencia.

Intervén José Manuel Fariñas para preguntar sobre a previsión en 2021, o que xera outra conversación entre os asistentes que ven con moita dificultade o levar a cabo as súas actividades, sobre todo os que dependen de instalacións municipais que ao ser cubertas de momento non as teñen abertas. Establécese que a Federación pode colaborar cos clubs que necesiten apoio cos trámites de protocolos de seguridade que solicitan os distintos concellos.

En canto á actividade federativo preténdese mantela e tentar organizar ademais os torneos internacionais femininos coa subvención outorgada desde turismo, pero todo depende de como ata o de agora da evolución da pandemia.

Hai que tratar de facer ver ás institucións que o tenis é un valor seguro.

Los asistentes dan su visto bueno a esta memoria de actividades del ejercicio 2019

4. Proposta de redución excepcional do prezo da licenza federativa de tenis

Como medida excepcional apróbase baixar o importe das licenzas para esta nova tempada 2020/2021. A licenza pasará de 49€ a 44€ para os absolutos e de 24€ a 22€ para os xuvenís. Destes prezos, aplicaranse contablemente 11€ ao 4º trimestre de 2020 e 33€ ata setembro de 2021. Nas licenzas dos xuvenís, 5€ aplicaranse no 4º trimestre de 2020 e 17€ ata setembro de 2021. Como é modificación das tarifas aprobadas en Asemblea de decembro de 2019.

O prezo do seguro contratado para os menos de 6 anos e maiores de 16 é de 12,75€ con la Mutua General Catalana.

Toma a palabra José M. Fariñas, que aplaude a baixada do prezo e a consideración hacia os deportistas por parte da federación, pero é consciente de que o próximo ano seguramente será un ano moi incerto economicamente e deportivo polo que solicita ser prudentes.

5. Rogos e preguntas

Jorge Comesaña solicita que se fagan as xestións necesarias desde a Federación para tratar de conseguir un prezo mais barato da bóla de tenis porque cos protocolos de seguridade multiplícase o número de bólas necesarias para afrontar a competición.

En canto á posibilidade de poder usar as mesmas bólas nos dobres para non incrementar tanto as bólas necesarias, contéstase que non porque é obrigado o cumprimento dos protocolos, isto non se pode entender como un inconveniente, porque é a única maneira de manter o tenis como valor seguro, de feito os informes que chegan desde as escolas é que hai incremento de alumnos. Hai que ver a evolución e mantemento deste incremento de fronte ao inverno.

Juan J. Medín en relación aos protocolos de seguridade para competir, comenta que non os hai en referencia aos desprazamentos aos encontros dos partidos dos distintos campionatos galegos por equipos. Cando antes un adestrador podía viaxar con 2 ou 3 xogadores do equipo agora é mais dificultoso, xa que hai reaccións negativas por parte dos pais e dos propios adestradores. É por iso que solicita que se busque flexibilizar os desprazamentos na nova tempada, tal como estase facendo agora. Marco A Casal coméntalle que mentres se manteña a pandemia así se fará, pero hai que ser consciente de que este feito debilita a competición.

E non habendo mais temas que tratar, dáse por pechada a sesión, sendo as 19:00 horas e da que levantase a presente acta co VºBº do presidente

O Presidente



José Mosquera Casero



Gabriel Fernández
Mourelle
Secretario